Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2019

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. A economía galega modera en 2018 o seu ritmo de crecemento e presenta un incremento anual do PIB en termos reais do 2,8%, catro décimas menos que no ano anterior e só unha por baixo da previsión do Foro Económico de Galicia no seu Informe de previsión de crecemento para 2018. Tras esta evolución, Galicia encadea once trimestres consecutivos con taxas de crecemento iguais ou superiores á media estatal, que se sitúa no conxunto do ano no 2,5%. Este incremento no só é superior á media española, senón tamén supera ao rexistrado na zona euro (1,8%) e na Unión Europea (1,9%), polo que se avanza no proceso de converxencia retomado coa recuperación económica. No ano 2017, último dato dispoñible, o PIB per cápita galego equivale ao 82,3% da media comunitaria, máis de tres puntos por riba do estimado en 2014.

2. A economía de Galicia racha co seu crecemento equilibrado iniciado coa recuperación, ao explicarse o crecemento agregado do PIB tan só pola achega da demanda interna. A súa significativa contribución, que se sitúa en 2,9 puntos, o valor máis elevado dende o ano 2007, explícase tanto polo forte impulso do investimento (7% respecto ao ano anterior) como pola mellora do consumo dos fogares, que presenta unha medra interanual do 2,3%. Pola contra, o gasto das administración públicas modera o seu crecemento, rexistrando unha medra do 1,8%. No conxunto do Estado a achega da demanda interna é similar á galega, presentando un maior incremento no caso do gasto en consumo final, tanto público como privado (2,3% e 2,4%, respectivamente), en tanto que o investimento experimenta unha medra sensiblemente inferior (5,4% no Estado).

3. Por primeira vez dende o ano 2006, a demanda externa en Galicia detrae décimas ao crecemento do PIB, sendo este feito inferior ao estimado na economía española (unha décima e tres décimas, respectivamente). O cadro macroeconómico amosa unha ralentización no ritmo de crecemento das exportacións (3,4%), salientando que no último trimestre do ano contráense tanto as exportacións como as importacións en relación ao ano anterior (-1,8% e -1,4%, respectivamente). En relación ás relacións comerciais con terceiros países, tras un forte incremento das compras exteriores, redúcese o saldo positivo da balanza de pagos, que se sitúa en 3.835 millóns de euros. Ademais de insistir na acusada concentración xeográfica e sectorial, onde o mercado comunitario concentra o 78,2% das exportacións galegas, o valor máis elevado dende o ano 2004, e a automoción e o téxtil-confección supoñen o 42,9%, case un punto menos que no ao anterior.

4. Dende o punto de vista da oferta, por segundo ano consecutivo salienta o crecemento positivo do valor engadido bruto xerado polas distintas ramas de actividade. Con todo, entre os grandes sectores tan só a industria, influenciado polo comportamento do conxunto das actividades extractivas e enerxéticas presentan un incremento superior ao ano anterior, situándose a construción como o sector de maior crecemento, cun 6,1%. Pola súa importancia cómpre destacar a evolución da industria manufactureira, que en 2018 medra un 2,8% respecto ao ano precedente, 2,1 puntos menos que en 2017.

5. A competitividade da economía galega mantén a súa posición intermedia baixa en relación ao resto das Comunidades Autónomas, permanecendo no décimo posto dende o ano 2012. valor do Índice de Competitividad Regional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas representa en Galicia o 91,9% do valor medio das CC.AA., punto e medio inferior ao rexistrado no ano anterior, porcentaxe significativamente inferior á estimada para 2008 (97,5%). Tan só o entorno institucional mantén un nivel competitivo alto situándose no extremo oposto as infraestruturas básicas, a eficiencia empresarial e o correspondente á innovación.

6. En termos dinámicos, Galicia caracterízase por su dinamismo relativo moderado, presentando os distintos eixos un comportamento desigual. Dunha banda, salienta o forte dinamismo do entorno económico, en tanto que o dinamismo no caso das infraestruturas básicas e a innovación cualifícase como moi negativo.

7. Dada a ralentización no ritmo de crecemento do PIB, cómpre resaltar o positivo comportamento do mercado de traballo galego atendendo á evolución das grandes cifras, que presenta un significativo incremento da ocupación e unha redución do desemprego. Entre os principais aspectos positivos, destaca que tanto a EPA como os datos rexistrados nas oficinas de emprego presentan as taxas de variación interanuais máis positivas dende o comezo da crise económica, salientando especialmente o significativo descenso do paro de longa duración e que os asalariados con contrato indefinido medren máis que os temporais. Con todo, mantense a perda de poboación en Galicia, sendo especial intensa no caso da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, con descensos continuados dende o ano 2008, así como o menor dinamismo da ocupación en comparación coa media española. Asemade, 2018 caracterízase por unha excesiva concentración da creación do emprego no sector servizos.

8. Os ingresos procedentes do traballo en Galicia diminuíron nun 12% entre 2007 e 2017, mentres que os procedentes de pensións aumentaron máis dun 30%. Os traballadores galegos están maioritariamente satisfeitos co seu traballo, aínda que son os empregados por conta allea os que mostran maiores niveis de satisfacción en practicamente todos os aspectos laborais. Aínda que case dous terzos non se atopan conformes cos salarios ou ingresos percibidos. Continuar coa tradición familiar e a falta de oportunidades atractivas de emprego son as principais razóns que inflúen na decisión de traballar por conta propia. A maior parte do emprendemento en Galicia atópase no sector servizos, pero tamén está moi vinculado ao sector primario, o cal, aínda que representa o 27,1% dos traballadores por conta propia, supón o 70,7% dos traballadores dedicados ao sector primario nesta Comunidade Autónoma. Dado que esta situación é reflexo da estrutura poboacional de Galicia, requírense políticas específicas de corte demográfico e sectorial, así como de apoio ao emprendemento para dinamizar, diversificar e internacionalizar a actividade económica, de fronte ao fomento dun desenvolvemento económico sustentable.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

II- COMENTARIO
.Emprendimiento y bienestar laboral percibido en Galicia: un análisis exploratorio
Autora: Isabel Novo Corti

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Marzo de 2019

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS 2018


O PIB galego presenta en 2018 unha moderación no seu ritmo de crecemento, rexistrando no conxunto do ano unha medra do 2,8%, catro décimas menos que no ano anterior. Con todo, por terceiro ano consecutivo Galicia presenta un maior dinamismo que a economía española, que no último ano medra un 2,5%. Este diferencial é moito máis acusado en relación á economía comunitaria e á zona euro, que experimentan unha medra do 1,9% e 1,8%, respectivamente.

A demanda interna explica o crecemento da economía galega, xa que a demanda externa detrae décimas ao crecemento agregado do PIB, feito que non acontecía dende 2006. O aspecto máis positivo segue a ser o forte impulso do investimento, así como a aceleración do consumo final dos fogares. O cadro macroeconómico amosa tamén unha ralentización da taxa de crecemento das exportacións, se ben no cuarto trimestre do ano contráese o crecemento interanual tanto as exportacións como das importacións. Polo lado da oferta, todos os sectores contribúen de xeito positivo, situándose a construción como a actividade de maior crecemento.

A competitividade da economía galega mantén a súa posición intermedia baixa en relación ao resto das CC.AA Tan só o entorno institucional e o mercado de traballo presentan en 2017 un nivel competitivo alto ou medio-alto. No concernente ao dinamismo relativo, Galicia presenta un crecemento moderado, considerándose como forte no caso do entorno económico, e moi negativo no caso das infraestruturas básicas e a innovación.

Tras crecer un 2,6% no cuarto trimestre do ano, o PIB galego pechou o ano cun crecemento medio interanual do 2,8%, catro décimas menos que o estimado no ano precedente. A pesar desta ralentización no ritmo de crecemento, Galicia logra superar por terceiro ano consecutivo o avance da economía española, que presenta unha medra do 2,5%. Atendendo á súa evolución trimestral, a C.A. encadea once trimestres consecutivos con crecementos iguais ou superiores aos rexistrados pola economía española. Se a análise se fai en termos intertrimestrais, a economía galega presenta unha medra do 0,7% no cuarto trimestre do ano, unha décima máis que o rexistrado nos dous trimestres anteriores.

Evolución do PIB real en Galicia e España 2012-2018




Fonte: IGE e INE

Co inicio da recuperación económica, Galicia retoma a senda de converxencia coa UE-28 perdida no período de crise. Influenciado fundamentalmente polo maior dinamismo da economía galega (medra 2,4% en 2017 e 1,9% en 2018),

e en menor media polo descenso poboacional, o PIB per cápita de Galicia en 2017 ascende ata o 82,3% da media comunitaria, máis de tres puntos por riba puntos por riba do rexistrado en 2014 (88,5% en 2008).

Proceso de converxencia do PIB per cápita de Galicia con respecto á media comunitaria e española 2008-2017




Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat

En relación coas CC.AA. españolas que presentan un PIB per cápita superior á media comunitaria, cómpre resaltar que Galicia tan só presenta un crecemento económico superior ao de Cataluña (2,7%), sendo similar ao estimado para o País Vasco (2,8%). Os datos facilitados polos seus institutos estatísticos reflicten que Navarra presenta unha medra interanual do 3,2% e Aragón un 3% .

DEMANDA AGREGADA

O crecemento da actividade económica en Galicia ven explicado pola achega da demanda interna, xa que o saldo exterior neto detrae unha décima ao crecemento agregado do PIB. No ano 2018 a demanda interna achega 2,9 puntos, sete décimas máis que no ano anterior, sendo esta contribución a máis elevada dende 2007. A contribución demanda interna no conxunto do Estado é similar á estimada en Galicia en tanto que a demanda externa detrae catro décimas.

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2016-2018



Fonte: IGE e INE

Dende o punto de vista da demanda interna, o aspecto positivo máis salientable segue a ser o forte impulso do investimento, medido en termos de formación bruta de capital. Ao longo do ano 2018 o investimento medrou en Galicia un 7%, cando no ano anterior o crecemento interanual fora do 5,5%. Asemade, o consumo privado presenta unha importante aceleración no seu ritmo de crecemento, ao rexistrar unha taxa de variación interanual do 2,3%, un punto porcentual por riba do experimentado no ano anterior. Pola contra, o consumo das administracións públi-

Cadro macroeconómico de Galicia 2016-2018. Taxas de variación interanual.

%

	2016/I	2016/II	2016/III	2016/IV	2017/I	2017/II	2017/III	2017/IV	2018/I	2018/II	2018/III	2018/IV
Produto Interior Bruto	3,5	3,3	3,6	3,1	3,2	3,2	3,2	3,1	3,1	2,9	2,5	2,6
Demanda												
Gasto en consumo final	1,9	2,4	2,2	0,7	1,6	0,8	1,9	2,0	2,5	2,2	1,9	2,2
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	2,2	2,0	1,9	1,5	0,6	1,3	1,5	1,8	2,6	2,1	2,1	2,4
AA. Públicas	1,0	3,7	2,9	-1,5	4,3	-0,3	3,2	2,5	2,3	2,6	1,2	1,8
Formación Bruta de Capital	2,4	2,0	2,6	3,5	4,3	4,6	7,0	6,1	6,8	8,6	6,7	6,8
Achega demanda interna ao PIB	2,0	2,3	2,2	1,2	2,0	1,4	2,7	2,6	3,1	3,2	2,6	2,9
Exportacións	3,0	3,9	5,8	7,3	6,7	6,7	0,9	5,9	7,7	4,6	4,5	-1,8
Importacións	-0,1	2,2	3,3	3,6	4,5	3,4	-0,1	5,1	8,4	5,7	5,1	-1,4
Achega demanda externa ao PIB	1,5	1,0	1,4	1,9	1,2	1,8	0,5	0,5	0,0	-0,3	-0,1	-0,3
Oferta												
Sector primario	-1,6	-2,0	-2,0	-1,7	1,7	1,5	1,9	2,5	0,9	1,6	0,7	0,0
Industria	6,5	3,8	5,5	5,0	0,6	4,8	3,5	3,7	6,8	3,4	2,2	2,4
Industria manufactureira	6,6	2,8	5,5	3,9	3,4	6,3	5,0	4,6	4,6	3,3	1,5	1,1
Construción	3,0	3,6	5,2	4,9	7,2	6,4	6,1	7,0	5,9	6,9	6,5	5,8
Servizos	3,3	3,4	3,4	3,1	3,7	2,9	3,1	2,7	2,1	2,6	2,5	2,5
Comercio, transporte e hostalería	5,7	5,6	5,7	5,0	6,3	5,0	5,0	4,3	3,3	4,1	3,1	2,7
Información e comunicacións	10,7	13,6	14,9	11,0	12,9	7,3	5,9	5,3	1,2	5,9	2,8	6,7
Actividades financeiras e de seguros	-0,5	-0,1	0,9	2,4	1,5	0,9	1,5	-0,1	1,2	1,4	2,3	2,4
Actividades inmobiliarias	0,0	0,6	0,4	0,4	0,9	0,0	0,4	0,5	0,2	0,9	6,9	6,5
Actividades profesionais	4,7	4,5	3,9	3,4	4,2	3,4	4,0	4,1	3,9	4,7	4,9	4,6
Administración pública, sanidade e educación	1,2	2,2	2,2	1,4	2,1	1,5	2,0	2,4	1,3	1,3	2,1	1,8
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,3	1,4	0,3	-0,2	0,0	0,2	0,3	0,2	0,4	0,5	0,3	0,3


Fonte: IGE

cas modera o seu crecemento, rexistrando unha medra do 1,8%, seis décimas menos que no ano anterior. Atendendo á súa evolución ao longo do ano, cómpre resaltar que os tres indicadores presentan no cuarto trimestre do ano un comportamento máis positivo que no trimestre anterior.

A devandita contribución da demanda interna no conxunto do Estado caracterízase por un mellor comportamento do gasto en consumo final. Tanto o gasto en consumo final total como o gasto privado medran en España un 2,4% (2,2% e 2,3% en Galicia, respectivamente), e o gasto das administracións públicas o fai nun 2,3%, medio punto máis que na economía galega. Pola contra, o investimento presenta un incremento sensiblemente superior en Galicia, ao medrar un 7% fronte ao 5,4% en España.

Dende o comezo da recuperación económica mellora o gasto en consumo final, tanto público como privado, así como o investimento. Con todo, esta mellora non se produce coa mesma intensidade, de xeito que no ano 2018 tan só o gasto en consumo final das administracións públicas presenta un nivel superior ao rexistrado ao comezo da crise en 2008 (7,8%). No período 2008-2013, o investimento foi a partida que experimentou unha maior contracción, cunha caída de case o 49%, mentres que o consumo das familias redúcese un 11,3% respecto ao nivel de 2008. A pesar

PIB real en Galicia e España 2018. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE

do forte dinamismo do investimento dende o comezo da recuperación, este aínda se sitúa en 2018 un 35,6% por baixo do nivel anterior á crise (6% menos no caso do consumo privado).

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia presenta no cuarto trimestre do ano unha contracción tanto das exportacións como das importacións (-1,8% e -1,4%, respectivamente), feito que non acontecía dende o primeiro trimestre de 2015. No conxunto do ano, as vendas das empresas galegas ao exterior medraron un 3,4% en relación ao ano anterior, 1,6 puntos menos que en 2017, en tanto que as compras fóra de Galicia o fixeron nun 3,9% (3,2% no ano anterior). A diferenza do acontecido no ano anterior, tanto as exportacións como as importacións medran en Galicia por riba do rexistrado no conxunto do Estado (2,2% e 3,6%, respectivamente). Deste xeito, a achega da demanda externa en Galicia adquire valores negativos, detraendo unha décima ao crecemento agregado do PIB, dúas décimas menos do que acontece no conxunto do Estado. Os datos trimestrais amosan que a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB dende o segundo trimestre do ano. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, as exportacións galegas acadan un valor superior ao nivel existente ao comezo da crise (17,3% superior), a diferenza do que acontece no caso das importacións, cuxo nivel é un 16,2% inferior.

Evolución dos compoñentes da demanda en Galicia 2008-2018. Base 2008 = 100



Fonte: IGE


Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas, tras unha medra do 4,9% (9,1% no ano anterior), sitúase en 22.857,4 millóns de euros, o que representa o 8% do total estatal (8,3% ao comezo da crise económica). Tras unha medra das importacións do 10,6%, o saldo positivo da balanza comercial galega descende ata os 3.835,5 millóns de euros.

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, tras unha redución do 0,7% respecto ao ano anterior, o téxtil vendeu ao exterior produtos por valor de superior a 5.930 millóns de euros, o que representa o 25,9%

das exportacións galegas. Doutra banda, as vendas do sector do automóbil incrementáronse ata os 3.892 millóns de euros, un 8,7% máis que no ano anterior, concentrando o 17% do total galego. Ambas actividades acollen o 42,9% das exportacións galegas fronte ao 50,5% existente no ano 2009. Como se reflicte no gráfico seguinte, ambos sectores presentan una evolución dispar, xa que mentres o peso relativo do sector téxtil presenta unha medra de 9,4 puntos porcentuais dende o ano 2008, o automóbil descende en máis de 14 puntos.

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, o téxtil e confección mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 4.134,6

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2018.




(1) A taxa de crecemento anual acumulativa das exportacións entre 2008 e 2018 sitúase para o conxunto de Galicia no 3,8%, fronte ao 8,6% rexistrada polo téxtil-confección. Por contra, as vendas descenden un 2,3% no caso do automóbil.
Fonte: ICEX

millóns de euros, a diferenza do acontecido polo sector do automóbil, que presenta, ao igual que no tres anos anteriores, un saldo negativo. En 2018 o saldo comercial deficitario do sector do automóbil sitúase en case 1.250 millóns de euros.

Ademais desta elevada concentración sectorial, cómpre resaltar o incremento da concentración das exportacións no conxunto países da UE-28. Tras unha medra do 8,9% respecto ao ano anterior, en 2018 o mercado comunitario concentraba o 78,2% do valor total das vendas galegas ao exterior, case tres puntos máis que o rexistrado no ano anterior, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2004, cando representaba o 81,3% do total. As exportacións aos resto dos continentes des-

Exportacións galegas 2008 e 2018. Distribución sectorial e xeográfica



Fonte: ICEX

cende no último ano, salientando as caídas do 10,1% no caso de África (-7,9% no caso dos países do norte do continente); do -4,5% no caso do continente americano, se ben as vendas aos países do sur medran un 8,5%; ou do -3% nas vendas dirixidas a Asia (as exportacións ao sueste asiático redúcense case un 38% no último ano).

Francia e Portugal seguen sendo os principais clientes das empresas galegas ao acoller o 18,9% das vendas ao exterior e o 13,7%, respectivamente. No ano 2008, Francia concentraba máis dun terzo das exportacións galegas, fronte ao 15,8% no caso de Portugal. Como se aprecia no cadro anterior, os oito países máis importantes onde se dirixen as vendas das empresas galegas son países comunitarios, concentrando o 68,1% do valor total das exportacións (69,5% en 2008).

No concernente á cota de mercado no total estatal das vendas galegas a terceiros países e a súa evolución dende o comezo da recuperación económica, cómpre mencionar que tanto no ano 2018 como en 2013 Galicia representaba o 8% das exportacións españolas. As vendas aos países comunitarios supuñan no último ano o 9,6% do importe total das vendas españolas a ese mercado, 1,1 puntos por riba do rexistrado no ano 2013, porcentaxe similar ao que representan as exportacións ao continente suramericano, que supoñen o 9,5% (9,7% no último ano da crise). Por contra, o norte de África ou o sueste asiático acollen no último ano o 6,1% e 3,5%, respectivamente (10,3% e 4,6% no ano 2013).

Se temos en conta os principais países emerxentes, a cota de mercado máis elevada corresponde a Marrocos e Turquía, cun 8,4% e 8%, respectivamente, por diante de Brasil, cun 7,2%. A continuación aparecen países como México, Rusia e Corea do Sur, que representan en torno ao 5,5%, e Indonesia, un 5,1%. Taiwan supón o 3,8%, Singapur e China estarían lixeiramente por riba do 3% e India no 2,6%.

AGREGADOS DA OFERTA

Por segundo ano consecutivo todas as ramas da actividade presentan taxas de crecemento interanual positivas. Non obstante, dos catro grandes sectores tan só a industria, influenciado pola evolución do conxunto de actividades extractivas e enerxéticas, rexistra un crecemento superior ao do ano anterior. O sector da construción foi o que presentou o maior crecemento interanual, cun 6,1%, seis décimas menos que no ano anterior.

O veb xerado polo sector servizos rexistra un crecemento do 2,5% seis décimas menos que en 2017. Pola súa importancia relativa cómpre destacar a evolución das actividades de comercio, transporte e hostalería, que presentan unha taxa de variación interanual do 3,4%, así como das actividades profesionais, cunha medra do 4,4%, medio punto porcentual máis que en 2017.


A industria manufactureira experimenta en 2018 unha forte ralentización no seu

ritmo de crecemento ao medrar o seu veb un 2,8% respecto ao ano anterior, 2,1 puntos menos que en 2017. Esta minoración da taxa de variación interanual prodúcese de xeito continuado ao longo de todo o ano, rexistrándose unha medra do 1,1% no cuarto trimestre fronte ao 5,1% no primeiro trimestre.

Comparado coas taxas de crecemento no conxunto da economía española, o conxunto das ramas industriais, a industria manufactureira e as actividades de comercio, transporte e hostalaría presentan en Galicia un mellor comportamento. O maior diferencial positivo con respecto á media estatal rexístrase nas actividades industriais consideradas no seu conxunto e na industria manufactureira, que medran en España un 1,2% e 1,4%, respectivamente. No extremo oposto sitúanse as actividades profesionais, que medran un 6,3% en España fronte ao 4,4% na Comunidade Autónoma.

Tras esta evolución, o 25,4% do veb

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2018: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

xerado en Galicia corresponden ás actividades de comercio, transporte e hostalería, fronte ao 18,6% das administracións públicas, sanidade e educación, e o 14% da industria manufactureira. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 5,9% do veb galego. Dende o comezo da recuperación económica aumenta lixeiramente o peso relativo do sector servizos influenciado especialmente polo comportamento do comercio, transporte e hostalería (1,9 puntos máis que en 2013). No mesmo período de tempo o peso da industria manufactureira medra oito décimas e as actividades profesionais e a construción o fan en medio punto porcentual.

En comparación coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, rexístrase unha medra importante das actividades de comercio, transporte e hostalería (22,5% en 2008), producíndose unha forte caída do peso relativo no caso da construción (12,1% en 2008) así como unha redución da industria manufactureira, que supuña case o 16% do veb galego.


Produtividade aparente do traballo

A produtividade aparente do factor traballo (PFT) continúa sendo un dos problemas máis importantes da economía galega. A partir dos datos recollidos nas contas trimestrais, se pode realizar unha aproximación á produtividade a través de dous indicadores complementarios: o cociente entre o PIB e o número de postos de traballo equivalente a tempo completo, e a relación entre o PIB e o número de horas traballadas.

O primeiro elemento que se pode destacar é que ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva no período de tempo considerado, se ben están por baixo da media española. Se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón en 2018 o 96,3% da produtividade no conxunto do Estado, porcentaxe moi superior ao rexistrado ao comezo e final da crise económica (87,8% do ano 2008 e o 89,8% de 2013). No caso da produtividade aparente por hora traballada, a tendencia é similar aínda que nos catro anos considerados as porcentaxes son inferiores, situándose no 91,9% en 2018 fronte ao 82,1% de 2008 (83,5% en 2013).

Tendo en conta a definición da produtividade aparente do factor traballo, esta mellora relativa da produtividade superior á media estatal explícase non tanto polo maior incremento do PIB nominal, senón máis ben polo menor dinamismo do mercado de traballo, que se reflicte na menor evolución nos devanditos indicadores mencionados. No último ano, o PIB en termos monetarios (prezos correntes) medrou un 3,7% en Galicia, dúas décimas máis que no conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo medrou un 1,9% e as horas traballadas un 0,5% (2,6% e 2,8% en España, res-

Estrutura produtiva de Galicia en 2008, 2013 e 2018 (VEB Galicia = 100)




Fonte: IGE

pectivamente). Deste xeito a produtividade mellorou en Galicia un 1,8% no primeiro caso, e un 3,2% se se mide en relación ás horas traballadas (0,9% e 0,7% no Estado, respectivamente).

Asemade, tendo en conta a importancia da industria manufactureira na definición dun modelo de crecemento estable a medio e longo prazo, cómpre insistir na súa baixa produtividade en comparación co acontecido no conxunto da economía española. No que á PFT medida en termos

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia 2008, 2013, 2017 e 2018 (España = 100)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

de postos de traballo equivalentes a tempo completo se refire, esta mantense no último ano en torno ao 80% da media española, porcentaxe aínda inferior á rexistrada antes da crise económica (84,1% en 2008). En termos do número de horas traballadas, a PFT mantense en 2018 lixeiramente por baixo do 82%, cando en 2008 esta porcentaxe ascendía a 83,4%.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre resaltar que todos os sectores produtivos presentan en Galicia, ao igual que no ano anterior, unha medra da produtividade do factor traballo. En relación á media no conxunto do Estado (España = 100), a PFT aumenta en todos os sectores agás na industria manufactureira, que mantén un nivel similar ao do ano anterior. Ao mesmo tempo, cómpre resaltar que tan só o sector primario presenta unha produtividade aparente superior á española en termos da postos de traballo equivalente, en tanto que esta situación rexístrase no caso da construción se a PFT se mide en termos do número de horas traballadas.

Competitividade rexional 2017. Análise comparada


O concepto de competitividade ten evolucionado ao longo dos anos dende a consideración tan só do desenvolvemento da actividade exportadora ata á inclusión dun conxunto heteroxéneo de indicadores socioeconómicos para coñecer o nivel de competitividade, crecemento económico e benestar social. A nivel mundial, España ocupa o posto 34 segundo o informe sobre a Competitividade Global 2017-2018 do Foro Económico Mundial, dous postos menos que no ano anterior. Para a economía española, o Consejo General de Economistas elabora un índice anual de competitividade rexional (ICREG) a partir de 53 variables que se agrupan en sete eixos competitivos, e que permiten medir a situación e dinámica competitiva das 17 Comunidades Autónomas[2].

Segundo o devandito informe, Galicia atópase nunha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA. atendendo ao valor do ICREG, manténdose no décimo posto dende o ano 2012. No ano 2017, último ano analizado, o índice acada en Galicia un valor de 7,081, o que representa o 91,9% do valor medio das CC.AA., punto e medio inferior ao rexistrado no ano anterior (97,5% no ano 2008).

Se se analiza a foto fixa existente no ano 2017, o mapa seguinte reflicte que as CC.AA. máis competitivas son as que se atopan no interior do triángulo denominado no informe "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. Madrid, País Vasco e Navarra pertencen ao grupo de nivel competitivo relativo alto, e Cataluña, Aragón e A Rioxa, ao medio alto. Galicia permanece dentro do grupo de CC.AA. cun nivel competitivo medio-baixo, ao igual que Castela León, Asturias, Cantabria, C. Valenciana e Murcia.

2- Informe de la competitividad regional en España 2018. https://www.economistas.es/Contenido/Consejo/Estudios%20y%20trabajos/Informe%20CGE%20Competitividad%20Regional%20en%20Espa%C3%B1a%202018.pdf

Nivel competitivo nas CC.AA. a partir dos valores do ICREG 2017



Fonte: Consejo General de Economistas.

Dende un punto de vista dinámico, todas as Comunidades Autónomas, agás Baleares, amosan un crecemento do seu nivel competitivo relativo, correspondendo a Galicia un dinamismo moderado. Cómpre resaltar que as CC.AA. cun menor nivel competitivo son as que experimentan crecementos máis intensos, de xeito que Andalucía, Canarias, Castela A Mancha e Estremadura presentan un forte dinamismo, o que redunda nunha diminución nas disparidades rexionais.

No que se refire á análise da competitividade da economía galega segundo eixos, o cadro seguinte amosa un comportamento moi desigual. Mentres que o entorno económico presenta un forte dinamismo, e o capital humano un crecemento moderado, o entorno institucional presenta unha evolución negativa sendo moi negativa no caso das infraestruturas básicas e a innovación.

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á taxa de paro (eixo 2), esperanza de vida (E3), déficit público e esforzo fiscal (E4), stock de capital (E5) e tamaño de empresas e peso da industria manufactureira (E6). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden aos delitos e des-

igualdade (E4), tráfico de mercadorías e investimento en protección medioambiental (E5), dinamismo emprendedor e variación da produtividade (E6) e empresas con sitio web (E7).

Tras esta evolución, a foto fixa do ano 2017 reflicte que o nivel competitivo é medio alto e alto nos casos dos eixos do mercado de traballo e o entorno institucional, respectivamente, cualificándose como baixo no caso das intraestruturas básicas, a eficiencia institucional e a innovación. En comparación co resto das CC.AA., cómpre resaltar que os eixos que presentan unha mellor posición relativa corresponden aos entornos económico e institucional, que ocupan o sétimo posto, mentres que a eficiencia empresarial e as infraestruturas básicas ocupan os postos 15 e 14, respectivamente.

Perfil competitivo de Galicia 2017. Distribución segundo eixos

	2017		2017/2016
	Ranking	Nivel competitivo	Dinamismo relativo
Eixo 1.- Entorno económico	7	MEDIO BAIXO	FORTE
Eixo 2.- Mercado de traballo	11	MEDIO ALTO	DÉBIL
Eixo 3.- Capital humano	11	MEDIO BAIXO	MODERADO
Eixo 4.- Entorno institucional	7	ALTO	NEGATIVO
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	BAIXO	MOI NEGATIVO
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	15	BAIXO	DÉBIL
Eixo 7.- Innovación	9	BAIXO	MOI NEGATIVO
Galicia	**10**	**MEDIO BAIXO**	**MODERADO**

2- O MERCADO DE TRABALLO NO ANO 2018. COMPORTAMENTO SORPRENDENTE E MOI POSITIVO.

No actual contexto de ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica, sorprende o positivo comportamento do mercado de traballo galego atendendo á evolución das grandes cifras do mercado de traballo galego, que presenta un significativo incremento da ocupación e unha redución do desemprego. Entre os principais aspectos positivos, cómpre resaltar que tanto a EPA como os datos rexistrados nas oficinas de emprego presentan as taxas de variación interanuais máis positivas dende o comezo da crise económica, salientando especialmente o significativo descenso do paro de longa duración e que os asalariados con contrato indefinido medren máis que os temporais. Asemade, a taxa de paro descende ata o 13,3%, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2010 (15,3%).

Por contra, persisten importantes debilidades no mercado laboral galego. Entre estas pódense resaltar a continua caída da poboación activa, especialmente acusada no caso da poboación de 25 a 34 anos, o menor dinamismo da ocupación en comparación co acontecido no conxunto do Estado, ou que a Comunidade Autónoma mantense entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas de España. Asemade, cómpre mencionar a concentración da creación de emprego no sector servizos.

POBOACIÓN ACTIVA

Por sexto ano consecutivo o mercado de traballo galego presenta unha caída da poboación activa. A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, onde a poboación activa racha a súa tendencia descendente iniciada en 2013, a poboación activa galega redúcese no último ano en case cinco mil persoas para situarse en 1.243.500 persoas, en tanto que en termos porcentuais, esta caída foi dun 0,4% dúas décimas menos que no ano anterior. O devandito descenso explícase pola caída da poboación activa que posúe a nacionalidade española

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2013-2018

Miles de persoas	2013	2017	2018	2018 I	2018 II	2018 III	2018 IV	2018 / 2017 milles persoas	2018 / 2017 %
Poboación maior de 16 anos	2.382,3	2.341,9	2.334,0	2.334,8	2.333,5	2.333,4	2.334,3	-7,9	-0,3
Poboación activa	1.290,9	1.248,3	1.243,5	1.236,6	1.250,8	1.249,4	1.237,0	-4,8	-0,4
25 - 34 anos	307,3	240,0	231,4	231,9	232,3	231,3	230,2	-8,6	-3,6
Poboación ocupada	1.006,4	1.052,7	1.077,6	1.050,1	1.075,8	1.096,5	1.088,1	24,9	2,4
Conta propia	231,1	225,0	215,0	218,2	210,5	217,0	214,3	-10,0	-4,4
Conta allea	775,3	827,3	862,4	831,4	865,3	879,5	873,3	35,1	4,2
Outra situación	0,0	0,4	0,2	0,5	0,0	0,0	0,4	-0,2	-50,0
Poboación parada	294,6	95,6	165,9	186,5	175,0	153,0	148,9	-39,7	-15,2
Parado longa duración	143,6	98,1	73,0	86,5	80,9	63,3	61,2	-25,1	-25,6
Poboación inactiva	1.091,4	1.093,6	1.090,5	1.098,1	1.082,7	1.084,0	1.097,3	-3,1	-0,3
Taxa de actividade	54,2%	53,3%	53,3%	53,0%	53,6%	53,5%	53,0%		
Taxa de ocupación	42,2%	45,0%	46,2%	45,0%	46,1%	46,1%	46,6%		
Taxa de paro	22,0%	15,7%	13,3%	15,1%	14,0%	14,0%	12,0%		
Taxa de temporalidade	22,8%	27,0%	26,6%	26,7%	28,1%	28,1%	26,0%		
Afiliacións (media trimestral)	913,8	973,8	997,8	977,9	997,7	997,7	1.001,8	24,0	2,5
Paro rexistrado (media trimestral)	276,0	194,4	174,7	187,7	176,4	176,4	169,8	-19,7	-10,1


Fonte: IGE

(9.800 persoas menos), entre os homes (6.500 activos menos), e nas persoas con idades comprendidas entre 20 e 39 ano (21.900 persoas menos). Pola contra, aumenta no caso das mulleres e das persoas estranxeiras (1.700 e 5.000 persoas activas máis, respectivamente), así como entre os maiores de 40 anos (15.600 persoas).

Como se ven indicando nos distintos informes de conxuntura ao longo dos últimos anos, é necesario insistir na gravidade da caída da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos. Dende o ano 2008, tanto Galicia como o conxunto do Estado presentan un descenso continuado da poboación activa pertencente a esta franxa de idade, sendo o descenso medio anual acumulativo do 4,6%, oito décimas por riba do acontecido en España (-5,5% e -4,1%, respectivamente, dende o comezo da recuperación económica). Tendo en conta esta evolución, Galicia conta no último ano con 231.500 persoas activas de 25 a 34 anos, o que representa o 5% do total estatal, a porcentaxe máis reducida dende o comezo da crise.

A taxa de actividade, cociente entre o número total de activos e o total da poboación de 16 e máis anos, mantense practicamente constante no ano 2018, situándose no 53,3%. Esta porcentaxe, a máis baixa da serie analizada, segue

Evolución da poboación activa e taxa de actividade en Galicia 2008-2018



(1) A taxa de actividade está expresada en termos de porcentaxe, e a poboación activa exprésase en miles de persoas.
Fonte: INE


sendo sensiblemente inferior á estimada no conxunto do mercado laboral español, que presenta unha taxa do 58,7%, situándose Galicia como a segunda comunidade autónoma coa taxa de actividade máis reducida tras Asturias (50,8%).

Atendendo aos fluxos de persoas no mercado de traballo, cómpre resaltar que no último ano entran na actividade un total de 57.600 persoas e saen da mesma un total de 58.100 persoas. Como se reflicte no diagrama seguinte, destas persoas que entran, un total de 20.400 o fan na ocupación e 37.100 persoas son novos desempregados. No caso da ocupación, dos 1.077,6 miles de ocupados no conxunto do ano 2018, case o 95% estaba ocupado no ano anterior, entrando na ocupación 38.200 persoas dende o desemprego e ás devanditas 20.400 dende a inactividade. Doutra banda, o 60,1% da poboación parada estimada para 2018 o estaba no ano anterior, entrando nesta situación de desemprego 66.200 persoas (37.100 dende a inactividade) e saíndo do paro 72.400 persoas (38.200 cara a ocupación).

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 2018

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de Actividade	53,3%	58,6%	Baleares (64,4%)	Asturias (50,8%)
			Madrid (62,9%)	**Galicia (53,3%)**
			Cataluña (61,3%)	Castela e León (54,5%)
			Canarias (60,4%)	Cantabria (54,8%)
Taxa de ocupación	46,2%	49,7%	Baleares (57,0%)	Estemadura (42,2%)
			Madrid (55,2%)	Andalucía (43,8%)
			Cataluña (54,2%)	Asturias (43,9%)
			Navarra (53,2%)	**Galicia (46,2%)**
Taxa de paro	13,3%	15,3%	Navarra (10,0%)	Estremadura (23,6%)
			País Vasco (10,0%)	Andalucía (23,0%)
			A Rioxa (10,4%)	Canarias (20,1%)
			Aragón (10,6%)	Castela A Mancha (18,2%)
Taxa de temporalidade	26,6%	26,8%	Madrid (19,8%)	Andalucía (35,8%)
			Cataluña (21,9%)	Estemadura (35,5%)
			Navarra (24,0%)	Murcia (33,1%)
			Asturias (24,9%)	Canarias (31,6%)

Fluxos de entrada e saída do mercado de traballo en Galicia, 2018




Fonte: Elaboración propia a partir do IGE

Ocupación

O primeiro aspecto que hai que destacar é que non só os tres indicadores de emprego considerados (Seguridade Social, EPA e postos de traballo a tempo completo) presentan por cuarto ano consecutivo taxas de crecemento interanuais positivas, senón que incremento experimentado no último ano é superior ao rexistrado no ano anterior nos tres casos. Dunha banda, a poboación ocupada estimada pola EPA e as afiliacións rexistradas medran un 2,4% respecto ao ano anterior, sendo este incremento o máis acusado dende o comezo da recuperación económica. Doutra, o número de postos de traballo equivalente a tempo completo presenta unha medra interanual do 1,9%, porcentaxe tan só inferior ao experimentado en 2016.

Ocupación e desemprego en Galicia 2013-2018. Taxas de variación interanuais




Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Non obstante, esta evolución positiva ten de ser matizada novamente tendo en conta que estas medras seguen a ser inferiores ás rexistradas no conxunto do Estado: o número de afiliacións aumenta un 3,1% respecto ao ano anterior, a poboación ocupada presenta unha taxa de variación interanual do 2,7%, situándose esta porcentaxe no 2,5% no caso dos postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Tras o devandito incremento superior ás 23.700 afiliacións, o número de afiliacións superou en 2018 o millón de persoas, acadando as 1.001.430 afiliacións (media mensual). Ao igual que no ano anterior, este incremento rexístrase basicamente nas afiliacións ao réxime xeral, aumentando moi lixeiramente no caso dos réximes agrario e especial do mar. No extremo oposto, por segundo ano consecutivo, tras a saída da crise económica descende o número de autónomos. Cómpre destacar que tanto o incremento das afiliacións no réxime xeral como o descenso no caso dos autónomos son superiores aos rexistrados no ano anterior. Tras esta evolución, o número de afiliacións ao réxime xeral (agás agrario e empregados fogar) ascende a 734.647, o que representa o 73,4% das afiliacións, a porcentaxe máis elevada dende o comezo da recuperación económica. Por contra, os autónomos supoñen o 21,3% das afiliacións (212.808 afiliacións), sendo esta porcentaxe non só a máis reducida dende o comezo da crise económica, senón que se sitúa catro puntos por baixo da media estatal (17,3% en 2018).

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra do 2,4%, o dobre do estimado no ano anterior, Galicia conta con 1.077.600 ocupados, 24.900 persoas máis que en 2017. Se se considera o cuarto trimestre do ano, a taxa de

Poboación ocupada e parada en Galicia 2008-2018



Fonte: IGE

variación interanual foi do 3,1%, que supón 32.300 persoas ocupadas máis que na mesma data do ano anterior.


Atendendo á desagregación segundo sexos, o incremento da poboación ocupada volve a ser superior, tanto en termos absolutos como relativos, no caso das mulleres que entre os homes. Así, a ocupación feminina medrou en Galicia en 13.600 persoas (2,7%) fronte ás 11.400 persoas no caso da ocupación masculina (2,1%). Novamente, o dinamismo do mercado laboral no conxunto do Estado é superior tanto no caso dos homes como das mulleres, medrando en maior medida a ocupación masculina (2,6% en relación ao ano anterior) que a feminina (2,8%). A taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) ascende ata o 46,2%, tres puntos e medio por baixo da media estatal. Comparado co resto das CC.AA., Galicia presenta unha taxa tan só superior á estimada para Estremadura, Andalucía e Asturias.

No concernente á distribución sectorial da ocupación, o sector servizos, e en moita menor medida a construción, son os protagonistas da creación de emprego en Galicia tanto no conxunto do ano 2018 como no cuarto trimestre do mesmo. No conxunto do ano, o forte dinamismo do sector servizos tradúcese nunha medra interanual do 4,5%, dous puntos máis que no conxunto do Estado, o que supón 33.600 persoas ocupadas máis. Fronte á caída da ocupación na construción nos dous anos anteriores, 2018 presenta unha medra do 1,1% (700 persoas máis), porcentaxe que se sitúa moi por baixo da media española (8,3%). Pola contra, a ralentización da economía galega provoca unha redución do 9,5% no sector primario (-0,8% en España) así como unha caída do 1,3% da poboación ocupada no sector industrial en Galicia a diferenza do que acontece no conxunto do Estado onde medra un 2,3% respecto ao ano anterior.

Se se considera a evolución da poboación ocupada nas diferentes ramas de actividade, cómpre resaltar o comportamento das "actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares", con 9.900 persoas ocupadas máis; as englobadas no grupo de "actividades sanitarias e servizos sociais", con 7.300 persoas máis; e das actividades relacionadas co comercio, reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 6.300 máis que no ano anterior. Por contra, redúcese novamente a ocupación no subsector da pesca e acuicultura e educación, con 4.100 e 3.700 empregados menos no último ano, así como no sector agrario, con 3.100 persoas menos. Pola súa importancia, cómpre mencionar a caída da ocupación na industria manufactureira, que tras o mal comportamento no segundo trimestre do ano, presenta unha redución media anual de 300 persoas (8.400 persoas menos no segundo semestre do ano respecto ao mesmo período do ano anterior).

Tras esta evolución, o sector servizos acolle o 71,8% dos ocupados galegos (773.300 persoas), fronte ao 14,3% do subsector da industria manufactureira (154.300 persoas), o 6,3% do sector primario (68.000 persoas) e o 6,2% da construción (67.300). Comparado coa composición sectorial no conxunto de España, salienta o maior peso relativo tanto do sector primario (4,2% en España) como da industria manufactureira (12,6% en España), mentres que o sector servizos representa no Estado o 75,5%.

Evolución da poboación ocupada en Galicia 2016-2018: distribución segundo ramas de actividade. Variación interanual (miles de persoas).



Fonte: INE

A crise económica trouxo consigo unha forte caída do peso relativo do emprego no sector da construción e da industria manufactureira (4,3 e 2,3 puntos porcentuais menos entre 2008 e 2013), aumentando o emprego no sector servizos, especialmente no caso da "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e servizos sociais" e do "Comercio, transporte e almacenamento; hostalería". Dende o comezo da recuperación económica, o sector da construción e o sector primario continúa a súa perda do peso relativo, aumentando o peso do sector servizos e lixeiramente o da industria manufactureira.


No que atinxe á situación profesional dos ocupados, a creación de emprego en Galicia concéntrase, tanto no caso dos homes como das mulleres, no colectivo de asalariados, descendendo no caso do emprego por conta propia. Tras un incremento de 35.100 persoas respecto ao ano anterior (4,2%) o número de traballadores por conta allea ascende a 862.400 persoas, o que supón o 80% da poboación ocupada, en tanto que os ocupados por conta propia, tras un descenso de 10.000 persoas (-4,5%), representan a quinta parte da ocupación galega. A pesar deste descenso, cómpre

resaltar a súa importancia relativa en comparación co resto do Estado, xa que Galicia se sitúa como a segunda C.A., tras Estremadura, con maior peso relativo (20,8% en Estremadura e 16% de media en España).

A devandita caída dos traballadores por conta propia explícase na súa meirande parte pola caída dos empresarios sen asalariados, con 9.800 persoas menos (-6,6%), descendendo tamén no caso das persoas que axudan na empresa ou negocio familiar, con 1.100 ocupados menos. Pola contra, aumenta a ocupación lixeiramente no caso dos empregadores, con 900 persoas ocupadas máis en relación ao ano anterior (1,3%). A análise da evolución segundo sexo pon de manifesto non só o descenso máis intenso entre as mulleres no caso dos empresarios sen asalariados (-10,1% fronte ao -3,8%) senón tamén o aumento do número de empregadores no caso das mulleres (2.600 mulleres máis) fronte á caída en 1.700 homes.

